



Concello de Casto Verde

EXPTE: 385/2023

BASES CONCURSO DE DISFRACES DO CONCELLO DE CASTO VERDE ENTROIDO 2024

PRIMEIRA.- O Concello de Casto Verde organiza o desfile e o concurso de disfraces con motivo do Entroido 2024 que terá lugar o domingo día 11 de febreiro. O desfile realizarase cun pasarrúas ás 17:00 horas saíndo da praza do Concello ata o pavillón municipal “A Ferrería”. No caso de que fixera mal tempo suspenderase o pasarrúas e realizaríase o desfile directamente no pavillón.

SEGUNDA.- O concurso de disfraces realizarase no pavillón municipal a partir das 17:30 horas (despois do pasarrúas). Haberá concurso infantil e concurso de adultos, habendo 3 categorías en cada concurso e distintos premios en cada categoría, sendo estes os seguintes:

PREMIOS XERAIS

CONCURSO INFANTIL:

Categoría comparsa: 1º premio: 400 €, 2º premio: 200 €, 3º premio: 100 €, 4º premio: 70 €, 5º premio: 50 €

Categoría parellas: 1º premio: 100 €, 2º premio: 60 €, 3º premio: 50 €

Categoría individual: 1º premio: 80 €, 2º premio: 50 €, 3º premio: 40 €

CONCURSO DE ADULTOS:

Categoría comparsa: 1º premio: 500 €, 2º premio: 350 €, 3º premio: 200 €, 4º premio: 130 €, 5º premio: 90 €

Categoría parellas: 1º premio: 140 €, 2º premio: 100 €, 3º premio: 70 €

Categoría individual: 1º premio: 100 €, 2º premio: 70 €, 3º premio: 50 €

PREMIOS ESPECIAIS

Os premios especiais **só se darán cando o xurado así o considere e soamente terán a posibilidade de obtelos os concursantes que pertencen ó Concello de Casto Verde**, sempre e cando non foran agraciados con algún dos premios xerais. O xurado poderá asignarllos a participantes tanto do concurso infantil como do de adultos:

Categoría comparsa: 1º premio: 150, 2º premio: 120, 3º premio: 60 €

Categoría parellas: 1º premio: 80 €, 2º premio: 60 €, 3º premio: 30 €

Categoría individual: 1º premio: 50 €, 2º premio: 30 €, 3º premio: 20 €

No caso de recibir algún destes premios especiais deberá polo menos estar empadroadado en Casto Verde un dos participantes que será o que terá que cubrir ao final unha solicitude cos seus datos, no caso de ser menor de idade deberá o pai/nai ou titor/a o que deberá estar empadroadado xa que será o que terá que cubrir a solicitude. Comprobarase a veracidade do empadroadamento no Padrón de Habitantes do Concello, de non estar efectivamente empadroadado non se procederá ó abono do premio.

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 €. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, será de 19%.

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio xeral do concurso de infantil categoría comparsa será de 476 €. Do mesmo xeito con respecto aos premios xerais do concurso de adultos o primeiro premio da categoría comparsa será de 595 € e o segundo premio será de 416,5 €.

TERCEIRA.- Os participantes deberán inscribirse ese mesmo día no pavillón municipal (unha vez finalizado o pasarrúas), deixarase un tempo para realizar as inscricións antes de que comece o concurso.

O/s participante/s que resulte/n agraciado/s con algún dos premios, unha vez recibido o diploma correspondente deberá/n acudir á mesa do xurado para cubrir unha solicitude, no caso de participar en comparsa ou parellas será cuberto por un dos participantes que será o que represente a todos, no caso de que sexan todos menores de idade será cuberto por un dos pais/nais ou titores e no caso de participar individualmente o mesmo. A persoa representante que cubra esta solicitude deberá aportar unha certificación bancaria indicando o número de conta no que desexa que se lle ingrese o premio obtido.

CUARTA.- Enténdese por comparsa aqueles grupos formados por 3 ou mais persoas, 2 persoas enténdese parellas e 1 individual. (Referímonos a persoas que vaian disfrazadas, xa que por exemplo no caso de que algún neno/a pequeno/a queira participar na categoría de individual e teña que ir acompañado de algún adulto, só poderá ir disfrazado o neno, xa que se fora tamén o adulto o xurado entenderá que están participando na categoría de parellas).

QUINTA.- No concurso infantil participarán aquelas persoas de idade menor ou igual a 16 anos. No concurso de adultos participarán todas aquelas persoas maiores a 16 anos.

SEXTA.- Se nunha comparsa participaran persoas menores e maiores de 16 anos (mixtas), deberán presentarse ó concurso que corresponda segundo sexa a maioría dos seus participantes (metade mais un), é dicir, por exemplo: se unha comparsa a forman 10 persoas e 6 delas son persoas menores de 16 anos deberán presentarse ó concurso infantil, e no caso de que das 10 persoas 6 delas foran maiores de 16 anos deberán presentarse no concurso de adultos e así respectivamente. No caso de empate, é dicir, que nunha categoría existira o mesmo número de persoas maiores e menores de 16 anos poderán inscribirse no concurso que eles decidan, é dicir ou ben no infantil ou no de adultos.

No caso da categoría de parellas utilizarase o mesmo método que o anterior.

SÉTIMA.- O xurado do concurso estará formado por varias persoas que serán as que se encarguen de valorar cada unha das categorías de ambos concursos. Unha vez finalicen os concursos ó xurado daráselle un tempo para sumar todas as puntuacións e asignar un gañador a cada premio.

O fallo do xurado será inapelable e poderá declarar deserto algún dos premios, ben por falta de participantes ou porque a calidade dos mesmos non o merece.

OITAVA.- Os criterios de valoración serán os seguintes:

- Orixinalidade e creatividade dos disfraces e/ou carrozas (de 1 a 10 puntos)
- Simpatía (de 1 a 10 puntos)
- Traballo realizado para a confección dos traxes e/ou carrozas (de 1 a 10 puntos)
- Posta en escena (de 1 a 10 puntos)

NOVENA.- Comezarase primeiramente co concurso infantil e logo co de adultos, o/a presentador/a do concurso irá chamando un por un a cada un dos participantes para que desfilen por diante do xurado e realicen o espectáculo que desexen. Se calquera dos participantes solicita que se lles poña un audio concreto no momento da súa actuación deberán entregalo no momento da inscrición no concurso debendo ser en soporte PEN-DRIVE e en formato MP3 (**en cada soporte deberá ir unha única canción**).

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

A duración máxima de actuación de cada un dos participantes será de 5 minutos.

Unha vez finalice o concurso os participantes poderán pedir ós organizadores que lles entreguen os seus correspondentes soportes de audio.

Aquelas persoas que non aporten ningún audio para reproducir durante a súa actuación poñeráselles unha canción aleatoria da que dispoña nese momento a organización.

DÉCIMA.- Os gañadores do concurso recibirán ese mesmo día un diploma que indicará o premio obtido. O importe do premio será ingresado nos días seguintes ao concurso a través de transferencia bancaria no número de conta aportado. **O representante de cada disfrace gañador despois de recibir o diploma correspondente deberá acudir á mesa do xurado para cubrir unha solicitude e aportar certificación do número de conta onde quere que se lle faga o ingreso.** No caso dos premios infantís esta solicitude será cuberta e asinada polo pai/nai ou titor/a.

DÉCIMA PRIMEIRA.- Medidas para o acceso ao lugar onde se celebrará o concurso

As medidas da porta da entrada do pavillón municipal son as seguintes: **2 m de alto x 2,16 m de ancho.**

DÉCIMA SEGUNDA.- Autorización do dereito de uso da imaxe

Todos os participantes polo feito de inscribirse e participar nestes concursos, autorizan ó Concello de Castroverde a realizar e utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso dos concursos e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable nas súas respectivas tarefas de información e difusión.

DÉCIMA CUARTA.- Aceptación das bases

A inscrición neste concurso supón a total aceptación das presentes bases e cada participante responderá sobre a validez dos seus actos, é dicir, o incumprimento dos participantes en calquera dos puntos destas bases exime de responsabilidades ós membros do xurado deste concurso e poderá supoñer, sempre e cando se detecte algún erro, a devolución do premio que houberan recibido indebidamente, podendo aplicarse esta devolución dentro dos 15 días hábiles posteriores ó concurso.

A organización deste evento resérvase o dereito de poder establecer todas as melloras que estimen oportunas en calquera momento para o mellor funcionamento deste concurso.

DÉCIMA QUINTA.- Protección de datos

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais á hora de inscribirse neste concurso é o Concello de Castroverde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castroverde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de disfraces “Entroido 2024” organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>

Asdo.: M^a Pilar Ferreiro Villar
Concelleira Delegada de Cultura, Deporte,
Educación e Xuventude

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011

